

# DESEÑO

## DIRECTRICES ABAU 2024

---

Prezadas e prezados colegas: Achegámosvos esta circular para, como nos cursos anteriores, facervos chegar instrucións e orientacións para as probas ABAU. Este ano o director do grupo de traballo son de novo eu, Santiago B. Tarrío Carrodegas, con Vicente Adrián López Chao como subdirector.

Antes de nada, recordamos que na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará a futuro cambios nos xeitos de avaliar o alumnado.

Neste curso, que, segundo parece, será o último antes do comezo dos cambios que está a anunciar o Ministerio, non temos previsto ningún cambio na estrutura. Mantense, pois, o exame “modelo COVID”. Aínda que somos conscientes de que a nova lei supón máis cambios que os que aquí se reflicten, a “caducidade” do modelo de exame xustifica que non abordemos polo de agora modificacións, tendo en conta, ademais, que o noso modelo de proba, en realidade, non se afasta moito das novas directrices curriculares. Por ese motivo, as orientacións, que nos permitimos recordarvos aquí, son as mesmas dos cursos anteriores. Non haberá tampouco cambios nos criterios de corrección.

### ***Directrices xerais***

---

A análise realizada do deseño curricular da materia e a súa situación dentro da modalidade de Artes do bacharelato LOMLOE fainos chegar a conclusións similares ás que chegaron no seu día o Grupo de Traballo LOXSE da materia “Fundamentos do Deseño” e os Grupos de Traballo LOE e LOMCE de esta materia, da que é herdeira. Destas conclusións xorden as seguintes reflexións e directrices xerais:

1º O labor docente debe incidir nos dous primeiros bloques dos contidos, base fundamental do primeiro apartado das preguntas da proba xunto cos primeiros epígrafes dos dous bloques seguintes e as competencias específicas recollidas nos apartados 1, 2 e 3.

Os contidos dos dous bloques finais, “Deseño Gráfico” e “Deseño tridimensional”, parte do segundo, “Configuración formal e metodoloxía”, e as competencias específicas recollidas nos apartados 4, 5 e 6, serán a base da segunda parte das preguntas da proba, coa finalidade de que o alumno faga unha proposta elemental de deseño.

2º Trátase dun deseño curricular ambicioso que debería requirir unha coordinación importante con materias como Debuxo Artístico e Debuxo Técnico Aplicado as Artes Plásticas e o Deseño, no relativo ó coñecemento adecuado dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico e perspectiva lineal), e Técnicas de Expresión Gráfico-plástica no que fai referencia ó coñecemento de técnicas gráficas de representación.

Neste sentido constatábase a necesidade de manter unha total coordinación coas materias encargadas de impartir os coñecementos antes citados, evitando duplicidades que reducirían (no seu caso) horas de docencia aos contidos base. A situación actual, que permite que o alumno curse Deseño sen cursar estas materias, obriga a incidir na formación de contidos e coñecementos dos sistemas de representación e das técnicas gráficas.

### ***Estrutura da proba***

---

O modelo de exame ABAU 2024 corresponde ó “modelo COVID” de cursos anteriores. O exame consta de 3 preguntas, das que o alumnado deberá responder só unha. Cada pregunta está composta por dous apartados: comentario crítico e proposta. As preguntas poderán ser: dúas relativas a deseño gráfico e unha a deseño de obxectos-espazos ou dúas relativas a deseño de obxectos-espazos e unha a deseño gráfico.

No apartado primeiro de cada pregunta pedirase, sobre un ou varios deseños (gráficos, obxectos, espazos), unha análise crítica, que estará baseada fundamentalmente nos bloques primeiro e segundo dos contidos, aínda que tamén deben recollerse reflexións extraídas dos bloques terceiro e cuarto. O apartado segundo de cada pregunta consistirá en realizar unha proposta elemental de deseño alternativo ós presentados no apartado primeiro. O desenvolvemento desta proposta estará baseada fundamentalmente nos bloques terceiro e cuarto dos contidos.

Na solución ou proposta final será necesario considerar as reflexións extraídas, ás hipóteses formuladas e ós comentarios e análises críticas do apartado primeiro. A proposta será exposta como resultado dos estudos previos (análises, gráficos) realizados mediante esquemas e esbozos a man alzada. O alumnado poderá utilizar os sistemas de representación e as técnicas gráficas que considere máis adecuados.

### **Criterios de avaliación**

---

Mantéñense os mesmos das convocatorias precedentes da ABAU. Fíxase unha cualificación máxima de 3 puntos para o primeiro apartado de cada pregunta e un máximo de 7 para o segundo, considerando:

#### **Apartado 1: 3 puntos**

En función dos comentarios/análises críticas dos elementos, obxectos ou espazos propostos.

#### **Apartado 2: 7 puntos**

- Bocexos / Proceso de deseño. Atendendo ós estudos previos (análises/gráficos) realizados mediante esquemas e esbozos a man alzada: **2 puntos**
- Proposta de Deseño Final. Adecuación da solución ás hipóteses formuladas e ós comentarios/análises críticas do apartado 1: **3 puntos**
- Presentación. Atendendo á correcta utilización dos sistemas de representación (diédrico, axonométrico ou representación lineal) en cada caso, e/ou ás técnicas que o alumnado considere máis adecuadas (incluídas aquí as técnicas con cor). Tamén se terá en conta a organización da información na lámina A3 de representación final: **2 puntos**